



**CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA-SUPLETORIA, NÚMERO CINCOCENTAS DÚAS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL CATORCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e cinco de xuño de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, M<sup>a</sup> Alicia Martínez González, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez e Manuel Domínguez Álvarez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez así como as concelleiras D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García e M<sup>a</sup> Mar Villaverde Rosales. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria supletoria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3966.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 27 DE MAIO DE 2014, NÚMS. 501.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta anterior da sesión do pleno realizada o 27 de maio de 2014, núm. 501 e non formulándose observación ningunha á mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos trece membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

3967- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta pola Secretaria do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3957.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 5/2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención; 3958.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE 2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención; 3959.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 13/2014, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención; 3960.- INTERVENCIÓN, SEGUNDA MODIFICACIÓN ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS SEGUNDO PROPOSTA CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo

de Intervención; 3961.- PERSOAL, MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTO (BASE 53).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Intervención; 3962.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE DE DETERMINACIÓN CUALIFICACIÓN XURÍDICA DUN VIAL SITO NO LUGAR DE PORTOSANTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, realizáronse as notificacións aos interesados no expediente e deuse traslado ao Servizo de Patrimonio; 3963.- PATRIMONIO, RECTIFICACIÓN INVENTARIO EJERCICIO 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Patrimonio; 3964.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE ADHESIÓN AO MANIFESTO DA ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RIA (APDR).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao goberno central e á APDR; 3965.- CONTRATACIÓN, SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RSU, LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTENEDORES DESTE TERMO MUNICIPAL DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado aos Servizos de Contratación e Intervención.”.

A Corporación dáse por enterada.

Neste momento entra no Salón de concelleiros D. Angel Moldes Martínez.

3968.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía ditadas desde o último Pleno Ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A Corporación dáse por enterada.

3969.- INTERVENCIÓN TERCEIRA MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIONES NOMINATIVAS SEGUNDO PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE DEPORTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente iniciado a proposta da Concelleira Delegada de Deportes de data 02 de xuño de 2014 de engadir unha axuda económica no anexo de subvencións do orzamento prorrogado a favor de A Rosa dos Ventos-Motoclub en concepto de concentración de motos por importe de 2.000,00 €.

Incorporado ao expediente o informe emitido pola Intervención Municipal de data 09 de xuño de 2014 e proposta da alcaldía de data 10 de xuño de 2014 sométese o expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de xuño de 2014 a que polo voto favorable da unanimidade dos membros presentes ditaminou favorablemente dito asunto.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a terceira modificación do Anexo de Subvencións do orzamento municipal prorrogado do 2013 e crear unha nova subvención nominativa a favor da Asociación Rosa dos Ventos-Motoclub por importe de 2.000,00 €.

**Segundo:** Proceder á publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia para exposición pública polo prazo de 15 días hábiles, durante o que os interesados no expediente poden presentar alegacións ao mesmo, se no indicado prazo non se formula alegación ningunha este acordo entenderase aprobado definitivamente.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3970.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 218.1 DO REAL DECRETO 2/2004 DE 5 DE MARZO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do informe emitido con data 04 de xuño de 2014, pola Intervención Municipal en virtude disposto no artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, en aplicación da modificación introducida pola Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local que establece que o órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados así como das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.

Con data 16 de xuño de 2014 deuse conta do contido do Informe na sesión ordinaria realizada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do contido do informe emitido pola Intervención Municipal de data 04 de xuño de 2014 en virtude do artigo 218 da Lei de Facendas Locais.

3971.- INTERVENCIÓN, CONTA XERAL EXERCICIO 2013.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente de formación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2013 en virtude do disposto no artigo 208 e ss do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de maio de 2014 na que se acordou ditaminar favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2013 e someter o expediente á información pública polo prazo de 15 días durante os que e oito máis os interesados poderán interpoñer ou presentar reclamacións, reparos ou observación.

Con data 23 de maio de 2014 publicouse o devandito anuncio do Boletín Oficial da provincia número 98, non presentándose alegación ningunha contra a mesma no devandito prazo.

Non tendo sido ditaminado pola comisión informativa correspondente, en cumprimento do disposto no Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, procedeuse a ratificar a súa inclusión na orde do día polo voto favorable dos catorce membros corporativos presentes.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 4 votos en contra do PP e ningunha

abstención adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2013 debendo de dar conta ao Tribunal de Contas antes do 15 de outubro de conformidade co establecido no artigo 212.5 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**Segundo:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3972.- RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16/06/2014, "12276.-OFICINA TÉCNICA, DESAFECTACIÓN DO TERREO CORRESPONDENTE AO PARQUE COSTA XIRÁLDEZ, ACTUALMENTE EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE".- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do acordo número 12276 aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 16 de xuño de 2014 en relación a solicitude de desafectación dos terreos correspondentes á Finca Costa Xiráldez T.M. Poio e que di o que segue: "12276.-OFICINA TÉCNICA, DESAFECTACIÓN DO TERREO CORRESPONDENTE AO PARQUE COSTA XIRÁLDEZ, ACTUALMENTE EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE.-Previa declaración de urxencia ao abeiro do establecido no art. 83 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número total de membros, dáse conta do expediente tramitado e do informe emitido polo enxeñeiro municipal o 13 de xuño de 2014 que di o seguinte: "Asunto: DESAFECTACIÓN DO TERREO CORRESPONDENTE Ó PARQUE COSTA XIRALDEZ, ACTUALMENTE EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

#### **ANTECEDENTES**

En data 30/05/2014 tivo entrada no Concello, nº de rexistro de entrada 2642, oficio procedente do servizo provincial de Costas de Pontevedra, no que se comunicaba que se estaba a estudar a posibilidade de desafectación dos terreos correspondentes ó parque Costa Xiráldez, cunha superficie de 22.169,00 m<sup>2</sup>, solicitando por parte do Concello a petición de inicio ou conformidade de dita desafectación; a conformidade e toma de coñecemento da situación xurídica da finca de non inscrición no Rexistro da Propiedade; e a asunción do compromiso de manter os terreos obxecto da desafectación como de uso e servizo público.

En data 13/06/2014 recíbese, nº de rexistro de entrada 2934, oficio no que se rectifica a superficie da finca obxecto da desafectación (16.942,00 m<sup>2</sup>) e se aporta plano "Deslinde del dominio público marítimo terrestre. Tramitación desafectación desde el vértice 687 al 717".

#### **SITUACIÓN ACTUAL E INFORME**

A finca correspondente ó parque Costa Xiráldez, con referencia catastral 36041A04400969000000, está situada no lugar de Lourido, parroquia de San Salvador, lindando polo seu vento sur coa vía EP-0602 Portosanto-Lourido-Campelo pertencente a Deputación de Pontevedra; polo seu vento este cun ramal da avenida Praia; e polos seus ventos norte e oeste co camiño do Outeiro. Aparece debuxada no plano 0-8 do P.X.O.M. e está clasificado como Solo Rústico de Protección de Costas (S.R.P.C.).

Actualmente dita finca é un parque de uso público que dispón de diversas instalacións deportivas e de recreo, así como un quiosco e un

estanque. Dispón así mesmo o Concello de unha autorización para a ordenación e axardinamento de dito parque.

Considera o técnico informante que, dispoñendo de unha autorización para a ordenación e axardinamento de dito parque, e levándose a cabo o mantemento habitual do mesmo por parte do concello, a desafectación de dita finca permitiría una maior facilidade de actuación por parte do Concello para realizar calquera tarefa de mantemento e mellora de dita zona, xa que actualmente calquera actuación que se necesite levar a cabo require solicitude ó organismo de Costas.

Por outra banda, parte das vías que rodean o parque (ramal de avenida Praia e camiño do Outeiro) tamén están incluídas no Dominio Público Marítimo Terrestre, podéndose pola mesma incluír ditas vías na zona de desafectación.

Nese mesmo sentido é necesario aclarar que a parte da vía EP-0602 Portosanto-Lourido-Campelo que rodea o parque constaba como zona de desafectación na primeira solicitude do servizo de Costas. Na rectificación presentada posteriormente varía a superficie de desafectación ó non incluírse na mesma dita vía. Considera o técnico que subscribe que a citada vía non pode formar parte da zona de desafectación para evitar unha futura duplicidade de propiedade da vía entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio.

#### **CONCLUSIONES**

Conclúe o técnico que subscribe que o procedemento de desafectación da finca correspondente o parque Costa Xiráldez, tendo en conta os condicionantes anteriormente expostos sobre as vías que o rodean, é beneficiosa para o Concello, permitindo axilizar futuros trámites de actuación.

Achégase a seguinte documentación gráfica:

Plano do servizo de Costas.

P.X.O.M. da zona de afectación

E para que así conste, e a tódolos efectos oportunos, emítese o presente informe en Poio, a 13 de xuño de 2014".

Obra no expediente proposta da Concelleira de Obras de data 16 de xuño de 2014 que di o seguinte. "En data 30/05/2014 tivo entrada no Concello, nº de rexistro de entrada 2642, oficio procedente do servizo provincial de Costas de Pontevedra, no que se comunicaba que se estaba a estudar a posibilidade de desafectación dos terreos correspondentes ó parque Costa Xiráldez, cunha superficie de 22.169,00 m<sup>2</sup>, solicitando por parte do Concello a petición de inicio ou conformidade de dita desafectación; a conformidade e toma de coñecemento da situación xurídica da finca de non inscrición no Rexistro da Propiedade; e a asunción do compromiso de manter os terreos obxecto da desafectación como de uso e servizo público.

En data 13/06/2014 recíbese, nº de rexistro de entrada 2934, oficio no que se rectifica a superficie da finca obxecto da desafectación (16.942,00 m<sup>2</sup>) e se aporta plano "Deslinde del dominio público marítimo terrestre. Tramitación desafectación desde el vértice 687 al 717".

En data 13/06/2014 emítese informe por parte do enxeñeiro municipal no que se expón:

"[...]

#### **SITUACIÓN ACTUAL E INFORME**

A finca correspondente ó parque Costa Xiráldez, con referencia catastral 36041A04400969000000, está situada no lugar de Lourido, parroquia de San Salvador, lindando polo seu vento sur coa vía EP-0602 Portosanto-Lourido-Campelo pertencente a Deputación de Pontevedra; polo seu vento este cun ramal da avenida Praia; e polos seus ventos norte e oeste co camiño do Outeiro. Aparece debuxada no plano O-8 do P.X.O.M. e está clasificado como Solo Rústico de Protección de Costas (S.R.P.C.).

Actualmente dita finca é un parque de uso público que dispón de diversas instalacións deportivas e de recreo, así como un quiosco e un estanque. Dispón así mesmo o Concello de unha autorización para a ordenación e axardinamento de dito parque.

Considera o técnico informante que, dispoñendo de unha autorización para a ordenación e axardinamento de dito parque, e levándose a cabo o mantemento habitual do mesmo por parte do concello, a desafectación de dita finca permitiría una maior facilidade de actuación por parte do Concello para realizar calquera tarefa de mantemento e mellora de dita zona, xa que actualmente calquera actuación que se necesite levar a cabo require solicitude ó organismo de Costas.

Por outra banda, parte das vías que rodean o parque (ramal de avenida Praia e camiño do Outeiro) tamén están incluídas no Dominio Público Marítimo Terrestre, podéndose pola mesma incluír ditas vías na zona de desafectación.

Nese mesmo sentido é necesario aclarar que a parte da vía EP-0602 Portosanto-Lourido-Campelo que rodea o parque constaba como zona de desafectación na primeira solicitude do servizo de Costas. Na rectificación presentada posteriormente varía a superficie de desafectación ó non incluírse na mesma dita vía. Considera o técnico que subscribe que a citada vía non pode formar parte da zona de desafectación para evitar unha futura duplicidade de propiedade da vía entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio.

### **CONCLUSIÓNS**

Conclúe o técnico que subscribe que o procedemento de desafectación da finca correspondente o parque Costa Xiráldez, tendo en conta os condicionantes anteriormente expostos sobre as vías que o rodean, é beneficiosa para o Concello, permitindo axilizar futuros trámites de actuación.

[...]"

Cabe remarcar, tal como expón o enxeñeiro municipal, que existen no citado parque instalacións deportivas e recreativas promovidas polo Concello, sendo tamén o Concello o encargado actual do mantemento de ditas instalacións, así como das zonas verdes do parque.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece no capítulo III: Competencias, nos seus artigos 25.2 e 26.1 as competencias de actuación por parte do Concello, entre outros, nas áreas de medio ambiente urbano e promoción do deporte e instalacións deportivas.

Por tanto, a desafectación e posterior asunción da titularidade por parte do Concello da propiedade onde se enclava o parque Costa Xiráldez non suporía a asunción de novas competencias municipais, senón que podería considerarse como a regularización da situación actual de ditos terreos.

De acordo co citado informe municipal, sendo necesario axilizar a tramitación administrativa, ó abeiro do establecido nos artigos 89.5º da

Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, en uso das facultades outorgadas polos artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, 61.1º.e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, en uso das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de 21 de xullo de 2007, esta Concellería delegadas en materia de Vías e Obras eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

**Primeiro.** - Proceder á solicitar do ó inicio da desafectación da finca denominada Costa Xiráldez ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, servizo provincial de Costas de Pontevedra.

**Segundo.** - Realizar a toma de coñecemento da situación xurídica da finca de non inscrición no Rexistro da Propiedade ós efectos establecidos no apartado 2 do artigo 136, da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

**Terceiro.** - Asumir o compromiso de manter os terreos obxecto da desafectación como de uso e servizo público.

**Cuarto.** - Dar conta de dito acordo ó Pleno Municipal para a súa ratificación na primeira sesión ordinaria que celebre”.

A secretaria remítese ás consideracións xa realizadas con motivo da tramitación da desafectación dos terreos en A Seca ante a Administración Xeral do Estado.

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número legal de membros e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) **acordou:**

**Primeiro:** Prestar aprobación á proposta transcrita no presente acordo da Concelleira Delegada de Obras e así solicitar o inicio da desafectación da finca denominada Costa Xiráldez ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, servizo provincial de Costas de Pontevedra.

**Segundo:** Realizar a toma de coñecemento da situación xurídica da finca de non inscrición no Rexistro da Propiedade aos efectos establecidos no apartado 2 do artigo 136, da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

**Terceiro:** Asumir o compromiso de manter os terreos obxecto da desafectación como de uso e servizo público.

**Cuarto:** Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Urbanismo na primeira sesión ordinaria que realice e ao Pleno Municipal para a súa ratificación na primeira sesión ordinaria que realice”.

Con data 17 de xuño de 2014 ditaminouse favorablemente a solicitude de desafectación da devandita finca pola Comisión Informativa de Urbanismo.

Toma a palabra a concelleira D<sup>a</sup>M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores quen explica aos asistentes que a finalidade do expediente é coñecida polo Pleno por canto xa se ten sometido anteriormente a súa consideración unha iniciativa similar en A Seca, tendo sido incluído nunha sesión da Xunta de Goberno Local simplemente para axilizar os trámites.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros ratificou o acordo número 12276 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 16/06/2014 adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Ratificar o acordo núm. 12276 adoptado pola xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 16 de xuño de 2014 e por tanto, aprobar a proposta transcrita no presente acordo da Concelleira Delegada de Obras e así solicitar o inicio da desafectación da finca denominada Costa Xiráldez ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, servizo provincial de Costas de Pontevedra.

**Segundo:** Realizar a toma de coñecemento da situación xurídica da finca de non inscrición no Rexistro da Propiedade aos efectos establecidos no apartado 2 do artigo 136, da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

**Terceiro:** Asumir o compromiso de manter os terreos obxecto da desafectación como de uso e servizo público.

**Cuarto:** Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Urbanismo na primeira sesión ordinaria que realice e ao Pleno Municipal para a súa ratificación na primeira sesión ordinaria que realice.

3973.- OFICINA TÉCNICA, EXPTE.: 373/13, DECLARACIÓN COMO PÚBLICO DUN TRAMO DE CAMIÑO EN VILARIÑO, SAN XOÁN.- Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D<sup>a</sup>. Natalia Sabarís Castro de data 15 de novembro de 2013 en relación á calificación xurídica dun vial sito no lugar de Vilariño entre os números 24 e 28.

Con data 10 de abril de 2014 emítese polo Enxeñeiro Municipal o seguinte informe: **"ASUNTO: Informe sobre a non existencia de camiño público en Vilariño, San Xoan. EXPEDIENTE: 373/13 SITUACIÓN Lindes coas parcelas con Referencia Catastral 6314930NH2061S0001DL (Sur), 6314929NH2061S0001IL (Norte), 6314927NH2061S0001DL (Oeste), 36041A034001520000OX (Este) e camiño. INTERESADO: Dna. Natalia Sabarís Castro.**

#### **ANTECEDENTES:**

Con data 26 de novembro de 2013, ten entrada neste concello solicitude de certificado municipal sobre a determinación da titularidade dun camiño que parte da Rúa Vilariño entre os números 24 e 28. Xunto a solicitude adxúntase escritura de propiedade, plano catastral e plano topográfico das propiedades.

#### **CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:**

Realizada visita ó lugar do asunto se comproba que desde a Rúa Vilariño, entre os números 24 e 28 parte un acceso pavimentado en formigón cun ancho medio de 2,50 m. O suposto vial está pavimentado desde a Rúa Vilariño uns 28 m, entre as vivendas existentes, a partir de ahí continúa un carreiro sen pavimentar de 2 m de ancho que dá acceso as fincas.

No tramo pavimentado do suposto camiño non existen servizos



municipais de abastecemento, saneamento, nin canalización de pluviais.

Consultados os planos do PXOM, plano O-1 escala 1:5000, neste lugar desde a Rúa Vilariño aparece grafiado en liña discontinua o inicio do suposto camiño, quedando interrompidas ditas lineas a uns 20, sen continuidade, e sen conexión con outras vías, nese lugar prodúcese o cambio de usos do solo de Solo de Nucleo Rural Tradicional a Solo Rústico Común.

Nas Normas Subsidiarias do concello de Poio de data 4 de outubro de 1985, no plano nº X, non aparece grafiado este camiño.

Consultados os planos do catastro, con data 11 de febreiro de 2014, aparece grafiado como camiño público desde a Rúa vilariño ata parte da propiedade con RC 6314905NH2061S0001UL

Nas fotografías aereas do Catastro de 1956 16-C aparece grafiado como camiño público desde a Rúa Vilariño ata uns 30 m onde continúa o que asemella unaha servidumbre de paso para as parcelas.

Na escritura aportada pola interesada NSC, describese a propiedade co número 10 de Rúa Vilariño, "CABALLERA... forma una sola finca de la superficie total de doscientos ochenta y siete metros cuadrados. El conjunto linda: Norte, CCE; Sur, JBG y camino; Este, finca que se describe a continuación el número 2; y Oeste, JBG y CCE." Así mesmo as parcelas 2 e 3 do plano topográfico aportado tamén aparecen descritas na escritura describindo nos lindes o camiño.

#### CONCLUSIÓN:

A vista da documentación examinada, o camiño desde a rúa Vilariño ata onde se produce o cambio de usos no solo de **SNRT a SRC aparece grafiado no PXOM en vigor, non tendo continuidade, nin comunicación con outro vial, polo tanto en opinión deste técnico, o camiño é público desde a Rúa Vilariño ata o punto onde cambia o tipo de solo segundo o PXOM, de aquí en diante, pode tratarse dunha servidumbre de paso que da acceso as numerosas propiedades.**

En referencia ao tramo do camiño grafiado no plano de catastro de data 11, de febreiro de 2014, sobre a propiedade de RC 6314905NH2061S0001UL, aclarar que existe un erro no grafiado do catastro xa que o suposto camiño discorre tal e como aparece grafiado na cartografía actualizada de catastro correxida de data 4 de marzo de 2014.

En base ao exposto mais arriba no relativo a titularidade pública ou privada do vial, o tramo desde a Rúa Vilariño ata onde se produce o cambio de tipo de solo de SNRT a SRC, ten a consideración de camiño público, e de aquí en diante pode tratarse dunha servidumbre de paso.

Achégase a seguinte documentación gráfica:

- Copia do Plan Xeral de Ordenación Municipal (P.X.O.M.) O-1, escala 1:5.000.
- Planos do Catastro, escala 1:2.000. de datas 11 de febreiro e 4 de marzo de 2014 (cartografía corrixida).
- Copia das NNSS do concello de Poio de 4 de outubro de 1985 plano X.
- Fotografía aérea catastro 1956 16-C.  
Fotografía aérea estado actual.”.

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria Xeral de data 19 de maio de 2014 e que di o que segue: **“Asunto: solicitude de declaración sobre o carácter público ou privado dun tramo en Vilariño, San Xoán.**

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do concello de Poio, en cumprimento do establecido no art. 53 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBCL en adiante), emito o seguinte

#### **INFORME**

##### **Antecedentes de feito máis destacados**

Solicitude subscrita por Natalia Sabarís Castro con data 15 de novembro de 2014 polo que se insta a que se declare non público un terreo que segundo a interesada formaría parte dunha parcela d súa titularidade.

Informe do enxeñeiro municipal de 10 de abril de 2014.

##### **Consideracións xurídicas.**

##### **Primeira.- Prerrogativas das entidades locais en relación cos seus bens.**

Os municipios na súa consideración de administracións públicas dispoñen de unha serie de potestades en relación con seus bens enumeradas no artigo 44 do Real Decreto 1732/1986, do 28 de xuño, entre as que se atopa a potestade de investigación.

Dita potestade aparece igualmente relacionado co carácter de lexislación básica no artigo 41.1º da Lei 33/2003, do 23 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Para tal efecto ambas normas configuran un procedemento reglado a desenvolver nas seguintes fases:

- a) Iniciación de oficio ou a instancia de parte.
- b) Información pública mediante a insertación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello durante quince días.
- c) Audiencia á administración xeral do estado e da comunidade autónoma.
- d) Apertura de prazo de presentación de alegacións rematada a exposición pública, durante un mes, para a presentación de alegacións polos interesados.

e) Realización de proba: documentais, rexistráis, periciais e testificais.

f) Novo trámite de audiencia para os interesados afectados que se personasen no expediente e resolución previo informe de Secretaria.

g) De declarase público o camiño se practicará a tasación do ben con inscrición no inventario e a adopción das medidas cautelares precisas para lograr a efectividade dos dereitos da administración.

### **Segundo.- Distinción entre figuras afines. Caminos municipales, servidumbres e serventías.**

En segundo lugar es sumamente ilustrativa e explicativa a resposta que a consulta plantexada dende un concello realiza a prestixiosa revista El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados ante un suposto similar:

Co Estatuto Provincial de 1925 os camiños veciñais pasan á competencia das Deputacións. Imponse a estas a obrigación de establecer unha rede de Camiños veciñais para comunicar os poboados que excedan de 75 habitantes. Este é a orixe da desagregación entre camiños veciñais e camiños rurais. Os primeiros converteranse en estradas provinciais. A partir desta desagregación os camiños rurais quedarán orfos de regulación. O silencio da lexislación estatal e local e mesmo o da doutrina fai que a xurisprudencia asuma unha crecente importancia.

Convertidos os camiños veciñais antigos en estradas provinciais parece que todos aqueles que unen núcleos de poboación con estacións, mercados ou outros pequenos núcleos así como os que discorren ao longo das heredades e leiras son de titularidade e competencia municipal. Nacen por exclusión os camiños rurais.

Cabe, en consecuencia, diferenciar entre camiños veciñais, aqueles que unen unhas veciñanzas con outras convertidos normalmente en estradas provinciais e camiños rurais que constitúen vías de servizo para as heredades e aínda dentro destes últimos hainos que serven a grandes unidades de cultivo e outros que só constitúen servidumes necesarias de paso para determinadas leiras. Só os camiños rurais son camiños públicos a efectos da súa conservación e reivindicación, mentres que as servidumes típicas de leiras non teñen carácter público e o seu uso e demais extremos rexeranse polo Código Civil.

Os camiños son considerados como bens de uso e dominio público cos efectos a iso inherentes, de aí a importancia de distinguir a súa natureza pública ou privada para a aplicación ou non de tales preceptos. No Dereito privado a constitución da servidume está regulada polos arts. 564 e seguintes do Código Civil. O carácter público ou privado dependerá da natureza pública ou privada do chan sobre o que transcorren.

É camiño público aquel cuxo chan é público. O chan do camiño privado é alleo e sobre el non cabe máis que a servidume. Así pois, considéranse camiños públicos os que arrincan, transcorren e finalizan en terreos públicos e o son os camiños rurais. O camiño privado é a servidume, en chan alleo, de paso, a pé, con vehículo ou para carrexo. A leira pola cal cruza o camiño é previo servente e será dominante o predio a cuxo favor se utiliza o paso ou camiño .

Sucedede, con todo, que por estas servidumes pasan todas as xentes, que non cabe pechar o paso con valos ou cadeas. Iso leva moitas veces a discutir a natureza pública ou privada do camiño, pero non debe

esquecerse que as servidumes continuas non aparentes e as descontinuas, sexan ou non aparentes, só poden adquirirse en virtude de título. Non cabe a prescrición (SSTS de 11 de novembro de 1954 e 13 de outubro de 1961).

A servidume de paso é unha servidume descontinua e estas, sexan ou non aparentes, só en virtude de título poden adquirirse (arts. 532 e 539 do CC). Non é factible a crenza nin a posibilidade de que o paso por unha leira desde tempo inmemorial procree unha servidume pública de paso (camiño público rural) nin lexitime en consecuencia unha intervención municipal. O camiño privado non é tal, senón unha servidume e o seu réxime é o do CC.

Por iso, unha cousa é unha servidume e outra un camiño rural (STS de 27 de marzo de 1995; Relator: Morais Morais; Recurso 636/92).

Do exposto pode deducir que é conveniente e necesaria unha investigación para determinar se existe título constitutivo da posible servidume de paso, o que deberá requirir a todos e cada un dos propietarios e mesmo consultar no Rexistro da Propiedade. Só cabe falar de servidume se existe título constitutivo, se non estaremos en presenza dun camiño rural que constitúe vías de servizo para as heredades.

En calquera caso, deben consultar tamén os Planos catastrais do Instituto Xeográfico e Catastral e mesmo os do Ministerio de Defensa e practicar investigacións e informacións testificales sobre todo dos vellos veciños a fin de concretar a súa existencia e anchura. A servidume require título e inscrición no Rexistro. É obrigación reivindicar os camiños e exercer a potestade de recuperación.?

Polo que de conformidade co citado artigo:

Son camiños municipais vos que discorren sobre só público, arrincan, transcorren e rematan en terreos públicos como son vos camiños rurais.

Camiños privados pola constitución de título conforme as regras do Código civil e inscrición do mesmo non rexistro dá propiedade.

Non obstante, en Galicia resulta aplicable unha especial figura propia do Dereito civil especial denominada "serventía".

A ela refírese, entre outras, a Sentenza dá Sección 1ª dá Audiencia Provincial de Pontevedra de 1 de febreiro de 2007, recurso núm. 826/2006, cando establece non seu fundamento xurídico segundo:

"...

Para catalogar un camiño como " público" non basta, pois, con que esteamos ante unha franxa de terreo por onde se transite ou que constitúa unha zona de paso dos veciños, **senón que é necesario que fose custeado, ou adquirido de calquera outra forma pola Administración, que estea destinado, ben ao uso público , é dicir, que sexa habitualmente utilizado ou aproveitado por calquera cidadán, ben a un servizo público, e, finalmente, que a propia Administración, neste caso a Entidade local, asuma a conservación e ordenación de policía do camiño en cuestión; neste sentido, son indicios da índole pública do camiño o que a pavimentación realícese con cargo ao erario público , a existencia de iluminación pública ou sinalización viaria administrativa, a instalación de canalización e subministracións de enerxía eléctrica, auga ou similares, ou de redes de saneamento sen solicitar autorización..."**

Distínguese así o camiño público doutras institucións creadas para facilitar o tránsito de persoas e vehículos como a servidume de paso ou

a serventía.

En relación con esta última figura, cumpre lembrar que a serventía ou servizo, institución de orixe consuetudinario expresamente recoñecida pola xurisprudencia no ámbito da comunidade autónoma de Galicia (STS. 14 de maio de 1993 e SSTSJG. 22 de xullo de 1994, 28 de xaneiro de 1995 e 24 de xuño, 2 de decembro de 1997, 21 de xuño de 2005 e 24 de xaneiro de 2006 , entre outras), no art. 30 da Lei 4/1995, de 24 de maio, de Dereito Civil de Galicia , vixente na data da demanda, e hoxe nos arts. 76 e ss. da Lei 2/06, de 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia , supón a existencia dun camiño ou vía de acceso privado a dous ou máis leiras lindeiras, constituídas, con independencia do que cada un dos usuarios ou causantes cedesen para o seu establecemento, sobre terreo de propiedade particular destes, para o seu uso, gozar e goce en común, que aínda que orixinariamente vinculado ao agra ou vilar non o está necesariamente, e que se traduce nun tipo de comunidade xermánica, sen cotas, de natureza indivisible, na que non é concebible o dereito individual a pedir a súa extinción (SSTSJG. 19 de decembro de 1999 e 24 de xaneiro de 2006).

O art. 76 da Lei 2/06 defínea como "o paso ou camiño privado de titularidade común e sen asignación de cotas, calquera que sexa o que cada un dos usuarios ou causantes cedese para a súa constitución, que se atopa establecido sobre a propiedade non exclusiva dos lindeiros e que teñen dereito a usar, gozar e posuír en común a efectos de paso e servizo dos predios".

A natureza propia da serventía caracterízase, pois, por constituír un acceso de servizo privado sobre terreos de propiedade particular a favor de todos os titulares dos predios polos que discorre -beneficiarios da serventía-, orixinador dun dereito de uso, gozar e posesión en común que obriga a todos a respectar o paso dos demais (STSJG. 16 de decembro de 1998).

A STSJG 21 de xuño de 2005 insiste nesta última nota ao proclamar: "entre os causantes ou propietarios da serventía xérase unha comunidade acentuadamente xermánica tanto no que fai á súa titularidade dominical como ao seu uso e goce, sen que ningún comuneiro poida impedir ou dificultar o paso, e de aí a explicación dos pronunciamentos de condena vinculados ás constatadas alteracións unilaterais feitas pola demandada na cousa común e contidos ex artigo 397 CC ".

En relación, coa serventía, a STSJG 24 de xaneiro de 2006 puntualiza: "Aínda que tivese saída ao camiño público , a consecuencia sería a mesma pois xa desde a STSJG 9/1997, de 24 de xuño, vimos resaltando que todos os donos das leiras lindantes cun camiño de serventía teñen dereito a exercitar o paso sen que sexa óbice ao seu recoñecemento que algunha poida ter outra saída a camiño público e iso porque é perfectamente posible a constitución da serventía para unha maior comodidade de acceso e mellor. Polo demais, aínda que xeralmente o trazado discorra polas cabeceiras, nada obsta, se a configuración así o esixe, a que a serventía sexa conformada por varios pasos ou vías interiores que chegan ás diversas cancelas, necesarias pairan entrar e saír ás leiras exclusivas, conforme ás correspondentes necesidades de cultivo dado que nun vilar non pode concibirse unha leira sen acceso, o que fai ociosa calquera idea de servidume".

E a STSJG 21 de xuño de 2005, xa citada, introdúcenos nas distintas clases de serventías ao distinguir entre a serventía xeral e a

serventía de agro, agra ou vilar, que se presume cando as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar e próbase o uso continuo (art. 31 Lei 4/95): "Tan indiscutible é, devandito sexa á luz da doutrina desta Sala exhaustivamente traída a colación polo recorrente, que o artigo 31 LDCG recolle a norma consuetudinaria relativa á serventía de agra, agro ou vilar, facendo depender a presunción da súa existencia da acreditación de que as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar, e da proba do seu uso continuo ou permanencia do camiño (así, por todas, SSTSJG 1/1994, de 22 de xullo, e 13/1998, de 29 de xullo), como que o artigo 30 LDCG conduce a concluír a existencia de serventía en xeral (ou desvinculada da de agro, agra ou vilar) por exclusión: ha de ser considerada serventía ou servizo o paso que -como o litixioso- efectúase sobre un terreo que "non teña" carácter público e do que "non conste" o dominio ou a identidade individualizada dos que o utilizan. En consecuencia, descartada a natureza demanial do terreo sobre o que se efectúa o paso, o que no suposto axuizado nin sequera como posibilidade suscítase, e igualmente descartada a atribución da súa propiedade exclusiva a algún dos seus usuarios (expresión esta con a que desde polo menos a STSJG 23/1999, de 17 de decembro, equiparamos a legal de "o dominio ou a identidade individualizada dos que o utilizan"), imponse como inevitable o consideralo como serventía".

A mesma sentenza continúa: "Desvirtuada totalmente a pertenza exclusiva do camiño litixioso á demandada, de cuxa leira non é predicable que forma parte integrante gravándoa con servidume de paso (...), a súa propia configuración física, isto é, o consistir nun camiño entremurado independizado das leiras que con el lindan, incluídas as dos contendentes, unida á pluralidade dos usuarios que do mesmo sérvense como terreo de paso común reiterada e continuamente no tempo, constitúen feitos suficientemente ilustrativos da caracterización tipificadoramente coincidente coas notas constitutivas da serventía (así, por todas, SSTSJG 11/1997, de 17 de novembro, e 28/2002, de 18 de setembro). Interpretación, a exposta, conducente a concluír a existencia de serventía por exclusión e en función das circunstancias fácticas concorrente sen necesidade da plena acreditación da súa constitución negocial - certamente infrecuente e dificilmente imaxinable no contexto xurídico vulgar galego- (...), con independencia, desde logo, de ter que discernir se a palabra camiño equivale na nosa lingua ao concepto de serventía ou ao de servidume: presúmese serventía un camiño que como límite das leiras ás que serve é descrito nos títulos de propiedade das mesmas".

Esta interpretación xurisprudencial foi acollida na recente Lei 2/06, de 14 de xuño, que no art. 78 establece unha pluralidade de presuncións tocantes precisamente á determinación da súa existencia (e non reducidas á de agra), de forma, salvo proba en contrario, "presúmese a existencia de serventía: 1º) Se as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar, e próbase o uso continuo; 2º) Cando o paso ou camiño foi establecido na partición de herdanza ou división de cousa común como servizo para todas ou algunha das leiras resultantes; 3º) Se o camiño aparece referido como lindeiro nos títulos das leiras que se serven por el; 4º) Cando o paso ou camiño é usado polos lindeiros para acceder ás súas leiras situadas sen outra saída a camiño público".

### **Terceiro.- Datos que reflicte o expediente.**

De conformidade cos informes técnicos achegados ao expediente:

- Non concurren todas as notas definitórias para que poda ser considerado como camiño rural e municipal sen que exista un Inventario municipal de camiños e vías:

1. Non procede de cesión ou operación ningunha de xestión urbanística, sen que exista tampouco proba ningunha de que a conservación e ordenación de policía sexa realizada polo concello.

2. Non está pavimentado salvo o treito de 28 metros que parte da rúa Vilariño e carece de toda clase de servizos urbanísticos municipais ( auga, saneamento, alumado, rede eléctrica, telefonía etc).

3. Non sirve de conexión entre vías públicas.

4. Non se acredita suficientemente que o uso corresponda habitualmente ó común dos veciños.

5. Non aparece grafiado nas anteriores Normas Subsidiarias. No é claro o seu tratamento no actual PXOM por estar grafiado en liña discontínua dende a rúa Vilariño, segundo informe do enxeñeiro municipal, quedando interrompidas estas liñas a uns vinte metros. Situación que segundo o mesmo informe técnico parece reproducirse na fotografía aérea do Catastro de 1956. Da documentación do catastro inmobiliario actual despréndese que se tería realizado unha modificación no seu trazado de forma que xa non penetraría na derradeira finca senon que discurriría por paralelo.

A opinión deste informante, do exame dos datos obrantes no expediente non se pode deducir con claridade o carácter público ou privado do camiño, podendo tratarse dunha servidume ou serventía que pudo ser reflectida gráficamente como camiño público no Catastro do ano 1956.

En atención ás consideracións expostas, non existe indicios suficientes para que poda ser considerado como camiño público, debendo proceder a realizar os trámites marcados e descritos no presente informe no exercicio da prerrogativa pública de investigación de oficio conforme á Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das Administracións públicas así como no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.”.

Con data 27 de maio de 2014 a Comisión Informativa de Urbanismo acordou determinar unicamente como camiño público o tramo de 28 metros que indica o Enxeñeiro Municipal e que se atopa en Solo de Núcleo Rural.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 27 de maio de 2014 adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Declarar como camiño público o tramo entre os números 24 e 28 de rúa Vilariño, parte un acceso pavimentado en formigón cun ancho de 2,50 m cunha lonxitude de 28 m e que se atopa en Solo de Núcleo Rural

**Segundo:** Que se proceda á rectificación do erro existente no PXOM

para dar cobertura ao tramo declarado público, dando traslado ao equipo redactor do PXOM para que elabore o correspondente tramo rectificado.

**Terceiro:** Dar traslado aos interesados comunicándolle que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por pór fin á vía administrativa contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

3974.- MOCIÓN DO BNG PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR.- De conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha a que queda aprobada por n10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 4 votos en contra do PP e ningunha abstención.

A continuación procédese a dar lectura ao texto da moción de data 12 de xuño de 2014 presentada polo Grupo Municipal do BNG para superar o modelo institucional do estado español e recoñecer o dereito a decidir e que di o que segue: "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatíbel cun sistema democrático, un réxime "vitalicio" e "hereditario" establecido "pola graza de Deus" e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da



poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simples mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso constituínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político.

Nos últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza para decidir sobre si propia, sobre os seus sectores produtivos, sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.”.

Inicia o debate D. Xulio Barreiro reiterando os argumentos da moción, reclamando liberdade de elección sobre a forma de Estado.

A continuación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores toma a palabra instando a que se se leve a cabo unha emenda no texto da moción de forma que aínda dando a súa conformidade á aperura dun proceso de diálogo un novo modelo de Estado, se tramite dentro do marco constitucional: “...Instar ao goberno do Estado a iniciar os procesos que permitan, seguindo os cauces legalmente estabreciso, abordar a reforma da Constitución”.

O voceiro do grupo municipal PP sinala que tal e como sinala D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, a moción subscrita polo grupo municipal PP é inconstitucional, polo que vanb a votar en contra de calquera iniciativa que se formule fóra do límites constitucionais.

D. Xulio Barreiro Lubián respóstalles que a Constitución é un texto e como tal pode modificarse sempre que se quera tal e como aconteceu fai dous anos no que se tramitou unha reforma exprés. Ninguén está plantexando nada ilegal, senon de debatir sobre problemas que hai que solventar por non ter sido debatidos con anterioridad. Non se trata de que non exista Monarquía senon de que se debata.

A voceira do grupo municipal PSOE indica que o seu partidfo é maioritariamente republicano e federalista, máis considera que hai que consensuar calquera decisión que se adopte de fondo.

Toma a palabra D. Xosé Luis Blanco e manifesta que entende que o PP sexa monárquico pero non que o Sr. Rubalcaba manifeste que ser republicano é compatible coa monarquía. Cando se tratou de prexudicar aos particulares para favorecer á Banco dos dous partidos, PP e PSOE enseguida puxéronse de acordo e agora levan dende o mes de xaneiro co

tema da abdicación.

O Concelleiro D. Juan Grandal respóndelle que sen reforma non había cartos.

A voceira do grupo municipal PSOE indica que non se poñen de acordo por que o PP non quere.

Toma a palabra D. Gregorio Agís lembrando o procedemento de reforma constitucional. Hai que debatir e buscar un modelo acordo co sentir da cidadanía.

O Presidente insta aos concelleiros a que se centren no debate do obxecto da moción. O BNG vai a manter o seu texto: iniciar un proceso constituinte no que as nacións teñan dereito á autodeterminación.

Neste momento entra no salón D. Javier Domínguez Lino.

Tras un debate sobre o texto da moción no que participan distintos concelleiros e concelleiras, o Presidente ordena os temas da votación, procedéndose a votar en primeiro lugar a emenda presentada polo grupo PSOE, sendo rexeitada por 13 votos en contra (8BNG+5PP) e dous votos a favor (2 PSOE).

A continuación someteuse a votación ordinaria a moción ditaminada e por oito votos a favor (8 BNG) e sete en contra (7 PP e 2 PSOE, o Pleno acordou:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituinte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.

3975.- MOCIÓN DO BNG POLA GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.- Pola Secretaría Xeral procédese a dar lectura ao texto da moción ditaminado favorablemente pola Comisión Municipal de Cultura, Educación e Deporte na súa sesión realizada o 14 de maio de 2014 e que di o que segue: **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS** O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará o estudantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanza mínima. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.

A CONFEDERACION ANPAS GALEGAS defende que non é un **problema de prioridades das familias**, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito.

Como denuncia un recente informe do *defensor del Pueblo*, ( "o Defensor del Pueblo entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito **carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico** utilizados para cursar os referidos niveis, o que exige medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen

ningún custo") o curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto, que pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas. Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma pasou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.

O dereito fundamental á educación exige que se dean conxuntamente determinadas condicións -boa parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación.

Entendemos que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exige medidas que fagan posíbel o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo.

Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: «A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuíto».

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

Instar á Xunta de Galiza

1. A volta ao sistema de préstamo universal.
2. Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.
3. Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.

Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE".

Abre o debate a concelleira delegada de educación reiterando os argumentos da moción e sinala que non se trata dun problema de prioridades senon da garantía dun dereito: educación gratuita, material e libros de texto gratuitos para poder facer real dito dereito. Ao final tan so estudarían os/as nenos/as das familias con maiores recursos económicos.

A concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Consuelo Besa Lores presta a súa conformidade á moción e aos argumentos esgrimidos por D<sup>a</sup> Alicia Martínez.

O voceiro do grupo municipal PP manifesta que tamén está de acordo co texto da moción a salvo co referente á retirada da LOMCE e por iso o seu grupo vaise a abster.

A concelleira delegada de educación toma de novo a palabra para criticar novamente a LOMCE tal e como ten acontecido en sesión plenarias

celebradas con anterioridade.

O concelleiro D. Gregorio Agís cirtica que o PP votase en contra dunha moción debatida fai un ano en pleno para que non se retirase o sistema de préstamo e agora estén de acordo con esta moción.

O voceiro do grupo municipal PP respóstalle que xunto coa identificación de colexio privado con neo/a rico e PP, demostroise que o 80% non pagan.

Toma a palabra D. Xosé Luis Blanco quen reitera as súas consideracións e manifesta que moitos nenos quedaranse sen libros todo o ano. O sistema que había era bó, máis no fondo trátase dun problema ideolóxico.

O voceiro do grupo municipal PP reclama que os restantes grupos digan claramente que seos seus partidos volven a gobernar eliminarán as axudas ao colexios concertados.

O Alcalde sinala que o BNG por norma día non aos colexios concertados salvo casos de necesidade. Tampouco dín que non existan colexios privados senon que garanta o deiro á educación, libre, gratuita e en iguladade de condicións.

A voceira do grupo PSOE lle aclara ao Sr. Ángel Moldes que o seu partido empezou co concerto na época do Presidente González por que non había colexios para todos, pero agora do que non se trata de incrementar as axudas a colexios incluso sexistas e discriminatorios en detrimento da ensinanza pública. A xuventude mellor preparada da historia terá que irse fóra. Non hai fillos de ricos con Nóbel.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 abstencións adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Instar á Xunta de Galiza a:

- Voltar ao sistema de préstamos universal.
- Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.
- Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.
- Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE.

3976.- MOCIÓN DO BNG PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA.- Pola Secretaria Xeral procédese a dar lectura ao texto da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG ditaminada favorablemente pola Comisión Municipal de Cultura, Educación e Deporte na súa sesión realizada o 11 de xuño de 2014 e que di o que segue: **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS** No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: "Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social. Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por

denegacións que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa proia natureza deben resolverse con urxencia.”

Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e incumprimentos nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a *Lei de Inclusión de Galiza* recolle o seguinte:

“Artigo 37. Resolución

1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver.”

No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos a pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de Inclusión social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen a este respecto.

Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas económicas aplicadas durante a crise, converten en papel mollado os progandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

1. Instar á Xunta de Galiza a cumprir coa *Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galiza* que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.

2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.”.

Toma a palabra a concelleira delegada de benestar social facendo unha análise dos datos correspondentes ao concello e a súa evolución nos derradeiros anos, polo que vendos as necesidades existentes insta a que se incremente e dotación e que se axilicen os trámites.

A voceira do grupo PSOE manifesta a súa conformidade. O PP estáse a cebar coas clases que máis o necesitan.

O voceiro do grupo municipal PP manifesta igualmente a súa conformidade a que se axilicen os trámites.

D<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores díx que o PP non se está a dar conta do estado no que vai a deixar España e de cando facían críticas aos soldos de 1000 euros. O PSOE aprobou a Lei de Dependencia. A realidade é que se ten incrementado a brecha entre ricos e pobres e está a desaparecer a clase media.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte o que queda aprobado polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Instar á Xunta de Galiza a cumprir coa lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galiza que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.

**Segundo:** Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.

3977.- MOCIÓN DO PSG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DERROGACIÓN DO APARTADO "C" DO ARTIGO 41 DA LEI 9/2013, DE 19 DE DECEMBRO, DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA.- Dáse conta aos membros da Corporación do texto da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista no Rexistro Xeral con data 05 de xuño de 2014, número 2755 para instar á Xunta de Galicia a derogación do apartado C do artigo 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprego e da competitividade económica de Galicia e que di o que segue: "EXPOSICION DE MOTIVOS: As comisións de festas teñen sido historicamente en Galicia o instrumento que tradicionalmente teñen creado os veciños para organizar as festas das súas parroquias ou barrios. Calquera que tivera contacto con unha delas sabe o moito de esforzo e altruísmo que aportan seus compoñentes á hora de facer realidade as necesidades festivas dos seus pobos; sendo un exemplo claro de colaboración e participación cidadá á hora de atender demandas colectivas.

Neste contexto, o pasado día 27 de decembro, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2013, do 19 de decembro, denominada "do emprendemento e da competitividade económica de Galicia". Nesta disposición legal inclúese unha nova regulación para a concesión de licenza a determinadas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas, e ó seu tenor, no artigo 41, letra c) sinálase que será precisa a obtención de licenza para "a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles".

Este artigo afecta directamente, e dun xeito moi negativo, á labor que desenvolven as comisións de festas, que vense obrigadas a levar a cabo uns trámites administrativos complexos e custosos diante dos Concellos á hora de organizar, baixo criterios de estrita legalidade, as

festas locais, o que dificulta a súa labor, xa de por si complicada.

Baste dicir que se lles obriga a presentar un proxecto, asinado por técnico competente, no que se determine o axuste das festas á normativa urbanística e sectorial, e que estableza determinacións sobre prevención e seguridade en incendios. Tamén teñen que presentar, entre outra documentación, plan de emerxencias, plan de auto protección, estudo da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria. (art. 42 da sinalada lei).

Nin que dicir ten que, a Xunta de Galicia ó impoñer estas obrigas, manifesta o seu descoñecemento da realidade das festas parroquiais e de barrio no noso País, así como do xeito de organizarse e traballar das comisións veciñais de festas, e pon en moi serio perigo a continuidade destes actos festivos populares.

Mais alá deste inxente prexuízo ós cidadáns, non é menor o que se lle causa ós sectores profesionais que se moven ó seu redor: orquestras e grupos musicais, axentes de espectáculos, feirantes, empresas de atraccións de feira, hostalaría local, etc.

Esta é unha clara mostra dunha disposición legal innecesaria que, como nos ten acostumados a Xunta de Galicia con moitas das súas normas, non só non resolve problema algún, senón que directamente crea un de enorme transcendencia.

Por último non podemos menosprezar os efectos negativos que xera esta norma a gobernos municipais e ás súas estruturas administrativas, que se están vendo obrigados a aplicar unha disposición a todas luces innecesaria e impopular, cargándose, en tempos de penuria das arcas municipais, de mais traballo e custes. Por todo o anterior o GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PSOE presenta ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

1º. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no artigo 41, apartado c), no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.

2º. Dar traslado do presente acordo ós grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ó acordado neste punto polo. ”.

Abre o debate a voceira do grupo municipal PSOE instando a que se retire a reforma operada xa que en Galicia hai unha cultura moi arraigada en mataria de festexos populares e agora as comisións vense gravadas con moitos máis trámites e maiores custes.

Dª Margarita Caldas insta igualmente a que se retire o apartado c) do art. 41, xa que non se trata de grandes eventos, había que cubrir o vacío existente pero non con esta regulación.

O voceiro do grupo municipal discrepa e indica que hai cobertura e marxe. A Lei pon o acento en ventos para máis de 20.000 persoas. Organizar un evento en recinto cerrado para máis de 20.000 persoas sen nada é grave, ao igual, entre outros, que os escenaiors non contén co visto e praxe da ITV.

A semana pasado houbo unha reunión con Alcaldes e Secretarios na Dirección Xeral de Administración Local para aclarar o contido.

Toman de novo a palabra D<sup>a</sup> Chelo Besada e D. Ángel Moldes reiterando as súas consideracións ao igual que D<sup>a</sup> Margarita Caldas.

D. Gregorio Agís toma a palabra e sinala que a Lei fala de 500 persoas. Hai que diferenciar entre os recintos cerrados e as que afecten ás 500 persoas. Hai preocupación nos colectivos. Os custes do cumprimento dos requisitos son superiores ás propias actividades.

D. Ángel Moldes manifesta que coa segunda circular interpretativa da Dirección Xeral estos problemas se teñen subsanado.

Para o Alcalde a moción segue a ter importancia para as festas populares pese a rectificación da administración autonómica.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deporte o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no artigo 41 apartado c) no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego do Parlamento Galego, ao fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto.

3978.- MOCIÓN DO PSG-PSOE PARA ADOPTAR DE MANEIRA INMEDIATA UN "PLAN DE APOIO Á ALIMENTACIÓN INFANTIL".- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais solicítase pola Voceira do Grupo Municipal Socialista á retirada do presente asunto da orde do día; o que queda aprobado polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

3979.- PROPOSTA CONXUNTA DO BNG, PSG-PSOE E PP RELATIVA AO ESCRITO REXISTRADO POLA CM REGA DOS AGROS - COMBARRO SOBRE A ILLA DE TAMBO.- Pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura á proposta conxunta dos grupos municipais do BNG, PSOE e PP relativa ao escrito rexistrado pola CM Rega dos Agros - Combarro sobre a Illa de Tambo e que di o que segue: "**ANTECEDENTES DE FEITO** Recíbese escrito da Comunidade de Montes Rega dos Agros con entrada no rexistro xeral municipal con data 08 de abril de 2014 e n<sup>o</sup> de entrada 1670, no que se solicita do Concello de Poio un "*pronunciamento público sobre a Illa de Tambo, e o inicio dos trámites necesarios para ser tratado en sesión plenaria, a súa inclusión na figura de protección ENIL, art. 17 da Lei de Conservación da Natureza de Galicia*"



A Universidade de Vigo está levando a cabo o estudo sobre a Illa de Tambo "Elaboración de axenda estratéxica para a Illa de Tambo", proxecto encargado polo Concello de Poio e incluído no programa de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aos Grupos de Acción Costeira (GAC). Dito proxecto será entregado ao Concello de Poio antes do 31 outubro do presente ano.

Na sesión da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas do 16 de xuño, tratouse o asunto decidíndose que pasara a pleno coa incorporación do acordo tomado na xunta de portavoces.

O 17 de xuño celébrase a xuntanza de portavoces dos grupos municipais do BNG, PSOE e PP, á que asisten o Alcalde do Concello de Poio e o presidente da C.M. Rega dos Agros xunto con outro representante.

Nesta xuntanza decídese elevar á consideración do pleno da corporación municipal o seguinte

#### **ACORDO**

Instar ao Concello de Poio a

- Dirixirse ao Ministerio de Defensa, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente e á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para consultar a situación da Illa de Tambo no referido á súa desafección e á súa titularidade, así como as condicións requeridas para unha posible cesión ou concesión deste territorio ao Concello de Poio.

- Solicitar informe á Consellaría do Mar sobre as repercusións na pesca e o marisqueo no entorno da illa de Tambo das diferentes figuras de protección.

- Dirixirse á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia para valorar a posibilidade de elaborar convenios para a xestión da Illa.

Unha vez que a Universidade de Vigo entregue o estudo "Elaboración de axenda estratéxica para a Illa de Tambo", e unha vez extraídas as conclusións das consultas realizadas ás distintas administracións públicas, o Concello de Poio decidirá a figura de protección para a illa que resulte máis acaída."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou a proposta conxunta adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.**- Dirixirse ao Ministerio de Defensa, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente e á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para consultar a situación da Illa de Tambo no referido á súa desafección e á súa titularidade, así como as condicións requeridas para unha posible cesión ou concesión deste territorio ao Concello de Poio.

**Segundo.**- Solicitar informe á Consellaría do Mar sobre as repercusións na pesca e o marisqueo no entorno da illa de Tambo das diferentes figuras de protección.

**Terceiro.**- Dirixirse á Deputación de Pontevedra e á Xunta de

Galicia para valorar a posibilidade de elaborar convenios para a xestión da Illa.

**Cuarto.-** Unha vez que a Universidade de Vigo entregue o estudo "Elaboración de axenda estratéxica para a Illa de Tambo", e unha vez extraídas as conclusións das consultas realizadas ás distintas administracións públicas, o Concello de Poio decidirá a figura de protección para a illa que resulte máis acaída.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

3980.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTB-2014.- Previa declaración de urxencia de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP, toma a palabra a voceira do grupo municipal PSOE reiterando os argumentos da moción xa que segue a ser necesario defender e garantir os seus dereitos e da lectura ás propostas da moción:

"...

Por todo iso, este Concello en Pleno a proposta do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, acorda:

- Manifestar o seu apoio á celebración do Orgullo LGTB, día Internacional polos Dereitos de Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais, e a conmemoración do 45 aniversario da súa celebración, e como mostra deste apoio, colocar a bandeira do arcoíris no balcón do consistorio o próximo 28 de xuño.

- O apoio do Concello ao 2014 como "Ano polo Recoñecemento dos Dereitos Humanos das persoas LGTB", instando o goberno municipal a que colabore cos traballos e actividades que se desenvolvan por parte das organizacións de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais (LGTB) do noso municipio.

- Manifestar a súa rotunda condena a calquera lexislación que criminalice ás persoas lesbianas, gays, transexuais e bisexuais e aquelas que perseguen aos defensores dos dereitos humanos das persoas LGTB en todo o mundo.

- Instar o Goberno Español a que realice as xestións diplomáticas oportunas para pedir da Comisión Europea e dos nosos socios europeos unha condena enérxica das lexislacións contra as persoas LGTB e os defensores dos dereitos humanos LGTB en calquera parte do mundo.

- Instar o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación a que traslade a condena e repulsa do Goberno Español contra estas lexislacións, solicitando a súa inmediata retirada.

- Instar o Goberno de España a que estableza un protocolo que garanta unha especial atención nas nosas delegacións diplomáticas aos procedementos e solicitudes de asilo e refuxio das persoas procedentes daqueles países onde as persoas son perseguidas pola súa orientación sexual e identidade de xénero e/ou polo seu defensa dos dereitos humanos de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais."

A continuación abre o debate a voceira do grupo municipal BNG para prestar a conformidade do seu grupo coa moción. A día de hoxe todavía hai execucións ou imposición de graves penas por esta identidade sexual

e hai que ter en conta a realidade galega na que segue a estar presente a homofobia. Aínda que se teña aprobado unha lei por Galicia, es insuficiente pese a ser un punto de inicio e insta a que se solicite ademais a aplicación urxente da Lei.

Para o voceiro do grupo municipal PP é necesario máis alá da celebración do día que se realice un exercizo de autocritica todo o ano.

A voceira do grupo municipal BNG manifesta que está de acordo e que a formación ten que se transversal, en todas as áreas.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada a que queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro**.- Manifestar o seu apoio á celebración do Orgullo LGTB, Día internacional polos dereitos de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais e á conmemoración do 45 aniversario da súa celebración, e como mostra deste apoio, colocar a bandeira do arcoíris no balcón do consistorio o vindeiro 28 de xuño.

**Segundo**.- O apoio do Concello ao 2014 como "Ano polo recoñecemento dos dereitos humanos das persoas LGTB" instando ao goberno municipal a que colabore cos traballos e actividades que se desenvolvan por parte das organizacións de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais LGTB) do noso municipio.

**Terceiro**.- Manifestar a súa rotunda condena a calquera lexislación que criminalice ás persoas lesbianas, gais, transexuais e bisexuais LGTB de todo o mundo.

**Cuarto**.- Instar ao Goberno Español a que realice as xestións diplomáticas oportunas para pedir á Comisión Europea e dos nosos socios europeos unha condena enérxica das lexislacións contra as persoas LGTB e os defensores dos dereitos humanos LGTB en calquera parte do mundo.

**Quinto**.- Instar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación a que traslade a condena de repulsa do Goberno Español contra estas lexislacións, solicitando a súa inmediata retirada.

**Sexto**.- Instar ao Goberno de España a que estableza un protocolo que garanta unha especial atención nas nosas delegacións diplomáticas aos procedementos e solicitudes de asilo e refuxio das persoas procedentes daqueles países onde as persoas son perseguidas pola súa orientación sexual e identidade de xénero e/ou polo seu defensa dos dereitos humanos de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais.

3981.- RECTIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Previa declaración de urxencia de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en

contra e 5 abstencións do PP dáse conta da comunicación proposta de rectificación na Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar publicada no BOP do 14 de maio de 2014 e que di o que segue: "Que no momento de aplicar a nova ordenanza reguladora do servizo detectouse un erro no punto 2 do artigo 21 da Ordenanza do SAF que di: "O custo do servizo no exercicio 2014 ascende a 13,11 € hora (actualizándose anualmente) polo que a cota mensual a pagar sería a resultante de aplicar a porcentaxe que corresponda, segundo, a escala establecida previamente, a o resultado de multiplicar o número de horas de atención mensual polo custo da hora"; Este foi un erro de transcripción no momento de modificar a Ordenanza de acordo co Decreto 99/2012, de 16 de marzo, Detectado o erro e necesario a súa rectificación.

PROPÓN que en base ao artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico e procedemento administrativo común, se rectifique e polo tanto se anule o citado punto 2 do artigo 21, quedando redactado da seguinte maneira:

"Artigo 21º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

|   | GRAO I  |          | GRAO II |          | GRAO III |          |
|---|---------|----------|---------|----------|----------|----------|
|   | Nivel I | Nivel II | Nivel I | Nivel II | Nivel I  | Nivel II |
| Capacidade económica (referida ó IPREM) | 20 h.   | 30 h.    | 40 h.   | 55 h.    | 70 h.    | 90 h.    |
| ≤ ó 100% do IPREM                       | 0%      | 0%       | 0%      | 0%       | 0%       | 0%       |
| >do 100% e ≤ do 115% do IPREM           | 4,52%   | 6,56%    | 8,59%   | 11,42%   | 14,47%   | 18,09%   |
| >do 115% e ≤ do 125% do IPREM           | 5,41%   | 7,84%    | 10,28%  | 13,66%   | 17,31%   | 21,64%   |
| >do 125% e ≤ do 150% do IPREM           | 5,55%   | 8,05%    | 10,54%  | 14,01%   | 17,76%   | 22,19%   |
| >do 150% e ≤ do 175% do                 | 5,65%   | 8,19%    | 10,73%  | 14,26%   | 18,07%   | 22,59%   |

| IPREM                         |       |       | %          | %          | %          |        |
|-------------------------------|-------|-------|------------|------------|------------|--------|
| >do 175% e ≤ do 200% do IPREM | 5,72% | 8,30% | 10,87<br>€ | 14,45<br>% | 18,31<br>% | 22,89% |
| >do 200% e ≤ do 215% do IPREM | 5,81% | 8,42% | 11,03<br>% | 14,66<br>% | 18,58<br>% | 23,23% |
| >do 215% e ≤ do 250% do IPREM | 6,03% | 8,75% | 11,46<br>% | 15,24<br>% | 19,31<br>% | 24,14% |
| >do 250% e ≤ do 300% do IPREM | 6,24% | 9,05% | 11,86<br>% | 15,76<br>% | 19,97<br>% | 24,97% |
| >do 300% e ≤ do 350% do IPREM | 6,42% | 9,30% | 12,19<br>% | 16,20<br>% | 20,53<br>% | 25,66% |
| >do 350% e ≤ do 400% do IPREM | 6,54% | 9,48% | 12,42<br>% | 16,51<br>% | 20,93<br>% | 26,16% |
| >do 400% e ≤ do 450% do IPREM | 6,63% | 9,62% | 12,60<br>% | 16,75<br>% | 21,22<br>% | 26,53% |
| >do 450% e ≤ do 500% do IPREM | 6,70% | 9,72% | 12,74<br>% | 16,93<br>% | 21,45<br>% | 26,82% |
| Superior ó 500% do IPREM      | 6,76% | 9,80% | 12,84<br>% | 17,07<br>% | 21,63<br>% | 27,04% |

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP aprobou a proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.**- Aprobar a rectificación da modificación da Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar nos termos indicados na proposta que forma parte do presente acordo.

**Segundo.**- Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Terceiro.-** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3982.- URBANISMO, EXP. 460/11.- APARCADOIRO PÚBLICO NA FINCA BESADA EN ANDURIQUE, SAN SALVADOR.- Previa declaración de urxencia de conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros dáse conta dos antecedentes do expediente de urbanismo número 460/11 de Carabasco, SL de proxecto básico de edificio para aparcadoiro en lolo de equipamento privado en parcela 4, do polígono 8 de SUNC en avda. Andurique e do escrito presentado por Carabasco, S.L., con data 13 de febreiro de 2014, número rexistro de entrada 659.

Para os efectos da súa tramitación solicítase informe á adxudicataria dos traballos de revisión do actual PXOM, entre cuxa documentación inclúese o Catálogo.

Achegado o seu informe ao expediente e tras o pronunciamento dos técnicos municipais e do asesor xurídico do Concello, o expediente é elevado á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo en sesión ordianria celebrada con data 25 de xuño de 2014 adoptándose o seguinte ditame:

**“...ASUNTO: URXENCIA 7067.- EXP. 460/11.- APARCADOIRO PÚBLICO NA “FINCA BESADA”, EN ANDURIQUE - SAN SALVADOR.** Previa declaración de urxencia, adoptada por unanimidade dos asistentes e **vista a resolución de 16/11/2012 da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura que acorda: .....**“Non autorizar a construción de aparcadoiro polos motivos sinalados no punto 4 do apartado ANTECEDENTES desta resolución.

Reitérase a necesidade de resolver mediante unha modificación puntual a contradición existente entre a figura de planeamento (estudio de detalle) e a ordenación urbanística e volumétrica que se aprobou pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con data de maio de 205, e o grado de protección integral establecida polo catálogo do PXOM para o ámbito do Xardín da Finta de Besada.

**E previa lectura do informe emitido por “Consultora Galega, S.L.” o día 03/06/2014 cuxas conclusións son as seguintes:** *“ Dende Consultora Galega procederemos a actualizar as fichas do catálogo do PXOM tendo en conta os criterios actuais de catalogación fixados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Entre outros, no caso de que figuren graficamente nas fichas, consiste en delimitar os elementos a protexer con seu s contornos de protección, os cales se representan perimetralmente, partindo do elemento, a un ha distancia variable atendendo a os criterios de visibilidade do elemento no propio entorno.*

*Deste modo a interpretación da ficha de catálogo, será inequívoca xa que conterá un cadro coa representación en planta do elemento e o seu contorno.*

*Nas fichas de catálogo pertencente ao PXOM, que se axuntan no Anexo nº8 se especifica o exposto anteriormente. Se pode percibir que a parcela de equipamentos non estaría afectada para seu desenrolo polo contorno de protección dos elementos catalogados.*

*No Anexo nº07 se acompaña unha planta, sección transversal e lonxitudinal do terreo, pertencentes ao proxecto de equipamento; e outra sección, a modo de esquema, que analiza as posibles vistas do xardín dende a estrada PO-308. Nel se xustifica que o elemento edificatorio non desvirtúa practicamente a percepción dos xardíns da finca de González Besada. Dende a beirarrúa*

*contigua ao muro non existe a posibilidade de observación da parte alta do xardín, xa que o muro chega a ter ata unha altura de 2,20 metros. Dende a beirarrúa oposta non se perde a visual completa de todo o xardín xa que a presenza das copas dos arbores que se erguen a ámbolos dous lados da corredeira que une o pazo coa antiga biblioteca, segue sendo visible, practicamente, na súa totalidade. Se amosa nesta sección que ningunha das pretensións do PXOM vixente ou futuro desvirtúa as vistas do elemento a protexer. ”*

**E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:**

**“ASUNTO: URBANISMO.- EXP- 460/11.- PROYECTO BÁSICO DE EDIFICIO PARA APARCAMENTO EN SOLO DE EQUIPAMENTO PRIVADO EN PARCELA 4, DO POLÍGONO 8, DE SUNC EN AVDA. ANDURIQUE, ANDURIQUE, DE CARABASPO, SL. ESCRITO DA SOCIEDADE SOLICITANDO ACLARACIÓN OU CONCRECIÓN RESPECTO Á PROTECCIÓN DE 60 METROS QUE TEN O XARDÍN INCLUIDO NAS FICHAS 15-B, 14BIS E 15-A, 14BIS, DO CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTOS DO CONCELLO DE POIO.** Visto o expediente de urbanismo nº 460/11, de Carabasco S.L. de proxecto básico de edificio para aparcamento en solo de equipamento privado en parcela 4, do polígono 8, de SUNC en Avda. Andurique, do lugar de Andurique, parroquia de San Salvador, así como o escrito entregado no Concello de Poio o 13 de febreiro de 2014, por Pablo Méndez Iribarren, en representación de Garabasco S.L., solicitando aclaración ou concreción respecto á protección de 60 metros que ten o xardín incluído nas fichas 15-B, 14Bis e 15-A, 14Bis, do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio, e segundo o disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, informo o seguinte:

**Primeiro.-** Con data 28 de xuño de 2000, o Concello de Poio prestou aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (regulándose as distintas zonas do polígono nº 8), incluíndose no mesmo o Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio, no que figuran incluídas as fichas 15 e 15-A, **previo informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio.**

Con data 25 de setembro de 2001, aprobouse o Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio (no que figuran as fichas 15 e 15-A do polígono 8), **previo informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio.**

**Segundo.-** Con data 28 de xuño de 2005, o Concello aproba o estudo de detalle cuxo fin era o de cambiar aliñacións dos edificios residenciais que están continuos á fachada posterior do Pazo González Besada, **e manter o resto de obxectivos e criterios para o resto do ámbito do polígono 8. Tamén foi informado favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio.**

**Terceiro.-** E habéndose materializado, en parte o aproveitamento urbanístico que correspondía ao polígono 8, mediante a correspondente licenza de obra concedida no seu día á sociedade promotora, respetándose o aproveitamento urbanístico que, según os instrumentos de ordenación urbanística salientados aprobara o pleno do Concello. A sociedade Garabasco S.L, como propietaria da parcela 4, do polígono 8, presentou no Concello o correspondente proxecto básico de edificio para aparcamento, que foi informado favorablemente polo Concello de Poio, de conformidade cos informes previos emitidos pola arquitecta municipal o 10 de maio de 2012, do enxeñeiro municipal o 3 de xullo de 2012, e desta asesoría de 23 de xullo de 2012, **todo isto, aos efectos de remitir o proxecto á Consellería de Cultura, en Pontevedra, para o informe correspondente.**

**Cuarto.-** Con data 16 de novembro de 2012, o Xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural de Pontevedra, emite informe polo que non se autoriza a construción do aparcamento, polos motivos que se indican no punto cuarto do apartado antecedentes de dita resolución.

Constando en dito apartado o informe emitido pola Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, o 6 de novembro de 2012, que propón o seguinte:

*Informe desfavorable sobre as obras solicitadas para a construción de aparcadoiro, por canto*

*iso suporía a completa desaparición dunha parte do xardín da finca de Besada, que conta con protección integral, pasando a estar ocupado ese ámbito por unha explanada de aglomerado asfáltico e unha edificación de aparcadoiro, elementos ambos totalmente descontextualizados do entorno no que se sitúan e que suporían unha degradación ou alteración do mesmo.*

*Reitérase a necesidade de resolver mediante unha modificación puntual a contradicción existente entre a figura de planeamento (estudio de detalle), e a ordenación urbanística e volumétrica que se aprobou pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data de mayo de 2005, e o grado de protección integral establecida polo Catálogo do PXOM para o ámbito do Xardín da finca de Besada.*

**Quinto.-** A resolución de Patrimonio baséase nunha interpretación totalmente distinta que a que sostén o Concello de Poio, con respecto ás previsións do Plan Xeral do Catálogo de Edificios e Conxuntos e do estudio de detalle, por supor que a edificación que se pretende na parcela de equipamento, **suporía a completa desaparición dunha parte do xardín da finca de Besada**, o que non se axusta realmente á realidade, xa que o xardín previsto en dita finca, non desaparece no máis mínimo, non podendo afectar á protección integral á parcela do equipamento, según se fundamentará a continuación, co informe emitido polo arquitecto Andrés Pino Moreno, o 3 de xullo de 2014, aclarando a interpretación das fichas do Catálogo de edificios e conxuntos de Poio.

**Sexto.-** Non estando conforme coa resolución de patrimonio, Pablo Méndez Iribarren, en representación de Garabaspó S.L., interpuxo o pertinente recurso de alzada, con data 3 de xaneiro de 2013, no que tras ampla exposición de motivos termina solicitando do Excmo. Sr. Conselleiro de Cultura, a revocación da resolución impugnada de 16 de novembro de 2012, por ser contraria a dereito según queda acreditado pola argumentación precedente e se dicte outra na que se establezcan as condicións estéticas para armonizar a construción do equipamento privado, calquera que ese sea, xa que esa é cuestión que non compete a patrimonio histórico cultural.

**Sétimo.-** E non habéndose resolto o recurso de alzada, o 13 de febreiro de 2014, D. Pablo Méndez Iribarren, en representación de Garabaspó S.L., presentou escrito no Concello **solicitando a aclaración ou concreción respecto á protección de 60m que ten o xardín incluído nas fichas 15- B, 14 Bis e 15 –A B 14Bis, no Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio, aprobado por acordo plenario de 25 de setembro de 2001, non podendo afectar dita protección á zona de equipamento que figura no polígono 8, do plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio aprobado o 28 de xullo de 2000.**

E coa mesma data 13 de febreiro de 2014, solicitouse de Consultora Galega S.L., como redactora da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, que aclarase en ditas fichas, do Catálogo de Edificios e Conxuntos, **o ámbito ao que afectan os 60m o xardín protexido polo Catálogo e se dita aclaración figura xa nas fichas do Catálogo que hai que remitir á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para informe previo á aprobación inicial.** E con data 13 de maio de 2014, reiterouse a Consultora Galega a urxencia na emisión do informe solicitado, para poder contestar á petición de Garabaspó S.L.

**Octavo.-** Con data 3 de xuño de 2014, o arquitecto Andrés Pino Moreno, como director de Consultora Galega S.L., emite o correspondente informe aclaratorio do Catálogo vixente do Concello de Poio, que lle solicitara.

En dito informe, realízase unha valoración e análise dos datos das fichas 15E, 15A, do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio, deducíndose que existen certas incongruencias nas fichas do Catálogo vixente, e que no apartado de nivel de protección atópase unha das maiores contradicións do catálogo vixente, o que pode dar lugar a unha interpretación diferente na aplicación das mesmas e terminando o informe cunhas conclusións referentes a como quedan definitivamente as fichas no novo catálogo de edificios e conxuntos que hai que remitir á Consellería de Ordenación do Territorio para informe previo á aprobación inicial, delimitando claramente o entorno do xardín protexido, podéndose percibir nas novas fichas que a parcela de equipamentos non estaría afectada para o seu desenrolo polo contorno de protección dos elementos catalogados.

Chegando tamén á conclusión, dacordo co Anexo nº 7 do informe que ningunha das



pretensións do Plan Xeral de Ordenación vixente ou futuro desvirtúa as vistas do elemento a protexer.

**Noveno.-** Tendo en conta os antecedentes salientados e o informe emitido por Andrés Pino Moreno o 3 de xuño de 2014, considera este informante que non procede a tramitación dunha modificación puntual do Plan Xeral e Catálogo de Edificios, tal como propón patrimonio na súa resolución de 16 de novembro de 2012, podendo resolverse as incongruencias existentes nas fichas do Catálogo vixente cunha interpretación das mesmas que pode e debe facer o pleno do Concello de Poio, como órgano competente que aprobou definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente e o Catálogo de Edificios e Conxuntos de Poio tamén vixente e cuxa interpretación debe ter a súa base legal nos seguintes preceptos:

**O Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto de 17 de xuño e 1955, no seus artigos 4 e 6 establece o seguinte:**

*“Artigo 4*

*A competencia atribuída ás Corporacións Locais para intervir a actividade dos seus administrados exercitarase mediante a concurrencia dos motivos que a fundamentan e precisamente para os fins que a determinen.*

*Artigo 6*

*1. O contido dos actos de intervención será congruente cos motivos e fins que os xustifiquen.*

*2. Si fosen varios os admisibles, elixirase o menos restrictivo da liberdade individual”.*

**O artigo 84.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa nova redacción dada pola Lei 25/2009, de 22 de decembro, establece o seguinte:**

*“2. A actividade de intervención das Entidades locais axustarase, en todo caso, aos principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade co obxectivo que se persegue”.*

**E o artigo 39 bis, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, introducido pola Lei 25/2009, de 22 de decembro, establece o seguinte:**

*“Principios de intervención de las Administraciones Públicas para el desarrollo de una actividad*

*1. Las Administraciones Públicas que en el ejercicio de sus respectivas competencias establezcan medidas que limiten el ejercicio de derechos individuales o colectivos o exijan el cumplimiento de requisitos para el desarrollo de una actividad, deberán elegir la medida menos restrictiva, motivar su necesidad para la protección del interés público así como justificar su adecuación para lograr los fines que se persiguen, sin que en ningún caso se produzcan diferencias de trato discriminatorias”.*

Así o confirma, a seguinte xurisprudencia do Tribunal Supremo:

**A sentenza de 16 de maio de 1990, (Ar. 4167) e de 3 de decembro de 1991, (Ar. 9389), ratifican a mesma doutrina: “El principio de proporcionalidad opera en dos tipos de supuestos: a) con carácter ordinario, y en aquellos casos en los que el ordenamiento jurídico admite la posibilidad de elegir uno entre varios medios utilizables, y b) ya con carácter excepcional, y en conexión con los principios de buena fe y equidad en los supuestos en los que aún existiendo en principio un único medio este resulta a todas luces inadecuado y excesivo en relación con las características del caso contemplado”.**

**A de 15 de xaneiro de 2002, (Ar. 609) FJ.6: “En el derecho administrativo, en que se concreta el derecho constitucional, a la proporcionalidad se manifiesta así mismo en distintos ámbitos, permitiendo una interpretación equilibrada del concepto de interés público. Consentida una intervención por razón de lo mismo, con la cobertura legal necesaria, será necesario preguntarse si la medida es necesaria si cabe una intervención alternativa que lo pueda satisfacer igualmente y, en tal caso, si la misma resulta más favorable a la esfera de libertad del administrado. La regla de proporcionalidad será aplicable en caso de respuesta**

**positiva a estas preguntas”.**

*Por todo isto, informo que pode o pleno do Concello, por maioría absoluta, previo dictame da Comisión informativa municipal adoptar o correspondente acordo interpretando as fichas que figuran no Plan Xeral e no Catálogo de edificios e conxuntos, 15B, 14 Bis e 15A, 14 Bis, da mesma maneira que o fixo a Xunta de Goberno Local ao aprobar o proxecto básico de edificio para aparcadoiro en solo de equipamento privado, na parcela 4, do polígono 8, de Garabasco S.L., que foi adoptado polos informes favorables da arquitecto municipal, enxeñeiro municipal e desta asesoría, interpretación favorable ao proxecto xa aprobado que queda fundamentada, tanto no informe do arquitecto Andrés Pino Moreno, unido ao expediente, de 3 de xuño de 2014, como a normativa e xurisprudencia citada neste informe, así como os informes que emitan a arquitecto municipal e a secretaría xeral do Concello; e que o acordo que se adopte se comunique a Garabasco S.L. para que, poida presentalo na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para que poida servir de fundamento á mesma ao resolver o recurso de alzada interposto no seu día. ”*

**E previa lectura do informe emitido pola Arquitecto Municipal o día 23/06/2014, que di textualmente:**

**“Asunto: aclaración das fichas nº15 - B14 (bis) e nº15A - B14 (bis) do Catálogo**

**Obra:** edificio para aparcamento en solo de equipamento privado

**Situación:** parcela 4 do polígono 8 de SUNC en av. Andurique. Andurique

**Promotor:** Carabasco, SL

**Exp.:** 460/11

Logo de ver o informe do asesor xurídico (at) do Concello en relación a aclaración das fichas nº15 - B14 (bis) e nº15A - B14 (bis) do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio e logo de ver o informe emitido polo arquitecto Andrés Pino Moreno de Consultora Galega SL, empresa colaboradora na redacción do Catálogo, informo o seguinte:

Dende o punto de vista técnico, remítome aos informes emitidos o 19/02/2012 e o 10/05/2012, en particular, ao informado en relación á protección das fichas nº15 - B14 (bis) do elemento catalogado “xardín/valo” e ficha nº15A - B14 (bis) do elemento catalogado “xardín/valo e biblioteca”, que a xuízo desta técnico parece non incluír á parcela de equipamento privado definida no polígono de SUNC 8 e resultante do proxecto de compensación aprobado por acordo núm.2653 da Xunta de Goberno Local de 03/04/2006.”

**E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que di textualmente:**

**“Asunto: extensión ben catalogado**

**Obra:** edificio para aparcamento en solo de equipamento privado

**Situación:** parcela 4 do polígono 8 de SUNC en av. Andurique. Andurique

**Interesado/a:** Carabasco S.L.

**Expediente:** 460/11

Paula E. Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade co establecido no art. 195 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, emito o seguinte

## **INFORME**

### Antecedentes de feito

- Relatados no informe de 19 de xuño de 2014 do asesor xurídico vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos.

- Informe da arquitecto municipal de 23 de xuño de 2014, e por remisión deste, informes de 19 de febreiro e 10 de maio de 2012.

### Consideracións xurídicas

1. En primeiro lugar delimitase o obxecto do presente informe aos exclusivos efectos de resolver a incidencia surxida cos novos criterios mantidos pola consellería de Cultura, Ordenación e Educación Universitaria, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en resolución de 16 de novembro de 2012, sobre o ámbito de aplicación das fichas nº 15-B14 (bis) e nº 15A-B14 (bis) do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio.
2. Na referida resolución autonómica non se presta autorización á construción de aparcadoiro polos motivos sinalados no punto 4 do apartado de antecedentes "...Desfavorable sobre as obras solicitadas para construción de aparcadoiro, por canto eso suporía a completa desaparición dunha parte do xardín da Finca Besada, que conta con protección integral, pasando a estar ocupado ese ámbito por unha explanada de aglomerado asfáltico e unha edificación de aparcadoiro, elementos ambos totalmente descontextualizados do entorno no que se sitúan e que suporían unha degradación e alteración do mesmo.

Reitérase a necesidade de resolver mediante unha modificación puntual a contradición existente entre a figura de planeamento (estudo de detalle) e a ordenación urbanística e volumétrica que se aprobou pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural con data de maio de 2005, e o grado de protección integral establecida polo catálogo do PXOM para o ámbito do xardín da Finca de Besada".

No mesmo acto administrativo reflíctese o criterio técnico que presúmese fundamenta a decisión adoptada, e dada a súa extensión reproducése en copia da resolución que se chega como anexo ao presente informe. Criterio no que se poden distinguir dúas cuestións diferenciadas pero íntimamente interconectadas:

- A existencia de novos estudos realizados con motivo da autorización do proxecto de mellora e recuperación do hábitat natural do xardín da Finca Besada.

- Unha posible contradición entre a ordenación urbanística a volumétrica autorizada pola propia Consellería con data 31 de maio de 2005 con motivo da tramitación do Estudo de Detalle aprobado polo concello e as fichas nº 15-B14 (bis) e nº 15A-B14 (bis) do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio, instando a tramitación dunha modificación puntual do PXOM para por fin as diferencias interpretativas que plantexa dita proposta técnica. Proposta que parece asumir que a protección integral á que se refire o Catálogo vería a coincidir cos novos estudos realizados e polo tanto cunha maior amplitude da superficie prevista no PXOM e no Estudo de Detalle.

3. Pois ben, máis que contradición, a xuízo da que subscribe, as fichas do Catálogo presentarían deficiencias por omisión de datos gráficos ou mellor literatura na delimitación do ámbito protexido. Máis o Catálogo forma parte dun documento máis amplo como é o PXOM, no que se prevé no plano 1.6 e na ficha do Polígono 8 de solo urbano non consolidado unha zona verde que podería ser máis ampla pero non debería ser máis reducida que o ámbito do ben a protexer. Superficie que resulta cuantificable.

Segundo o art. 73.2º LOUGA, os estudos de detalle, entre outros límites, non poderán alterar o destino urbanístico do solo, reducir ou modificar o espazo destinado a viales, espazos públicas e dotacións ou aumentar a ocupación do solo.

4. No informe da arquitecto municipal de 19 de febreiro de 2012 sinalábase expresamente na consideración técnica 4.: "...Na parcela destinada a equipamento privado, fóra do ámbito da zona verde, actualmente existen restos de viñedos que non se incluíron como hábitat natural da Finca de Besada.

E polo que se pode entender que a protección do xardín de 60m de profundidade non afecta á parcela destinada a equipamento privado que si ben pertencía a propiedade do Pazo de Besada non parece que formara parte do xardín e si constituía a zona de cultivo desta propiedade".

Isto é, as consideracións realizadas pola arquitecto municipal veñen a ter amparo nunha aplicación integrada co PXOM e o Estudo de Detalle. Instrumento que ao igual que outros de xestión urbanística desenvolvidos no ámbito do polígono 8 de solo urbano non consolidado, salvo erro ou omisión involuntaria, contan coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por consideralos conformes coa normativa aplicable, non estrictamente urbanística senon dende a súa específica esfera de competencia respecto do Catálogo e as súas fichas.

5. A utilización de nova información ou estudos desenvolvidos con posterioridade á aprobación do Catálogo e o Estudo de Detalle para realizar outra aplicación interpretativa das fichas do Catálogo en aras a promover unha modificación puntual do PXOM por estimarse que o interese xeral esixe ampliar o ámbito de protección do xardín, supón a adopción de novos criterios sobrevenidos de ordenación urbanística que poderán dar lugar á aplicación no seu caso, do disposto no art. 35 do Real decreto legislativo 2/2008, de 30 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, como supostos indemnizatorios.

Polo que na forma analizada no presente informe, a aplicación que do contido das fichas nº 15-B14 (bis) e nº 15A-B14 (bis) do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio, realiza a arquitecto municipal nos informes técnicos achegados ao expediente na delimitación do xardín, parece coincidir co seguido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en maio de 2005 ao dar o visto e praxe ao Estudo de Detalle no que se inclúe a parcela 4 para equipamento privado que se pretende desenvolver mediante o proxecto básico de edificio para aparcadoiro.

O informe emitido polo equipo redactor da documentación formada para a revisión do actual PXOM, tal e como indica o informe do asesor xurídico, vería a mostrar que se segue a manter dito criterio no novo Catálogo que será remitido á Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria dentro do procedemento marcado polo art. 85 LOUGA.

Se a administración autonómica se separa de tal criterio e estima que a correcta aplicación do contido da ficha a orixe é o recollido na resolución de 16 de novembro de 2012, trataríase de instar non unha modificación puntual, senon unha auténtica revisión de oficio encuadrable nos arts. 102 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na que se tería que verificar o alcance e actos afectados pola mesma, por non ter sido en conta pola Consellería dito criterio á hora de outorgar as correspondentes autorizacións ou a emisión de informes favorables."

Esta Comisión acorda:

**Primeiro:** Que en base ós informes técnicos e xurídicos e xurisprudencia neles reflectida e o informe emitido pola empresa adxudicataria dos traballos de redacción da revisión do plan xeral de ordenación municipal achegados ó expediente, interprétase que a protección das fichas nº15 - B14 (bis) do elemento catalogado "xardín/valo" e ficha nº15A - B14 (bis) do elemento catalogado "xardín/valo e biblioteca", a Comisión interpreta que non inclúe a parcela de equipamento privado definida no polígono de SUNC 8 e resultante do proxecto de compensación aprobado por acordo núm.2653 da Xunta de Goberno Local de 03/04/2006. sendo tamén o criterio plasmado no Estudo de Detalle aprobado para o referido polígono 8 previo informe favorable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria..."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto

favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.**- En base ós informes técnicos e xurídicos e xurisprudencia neles reflectida e o informe emitido pola empresa adxudicataria dos traballos de redacción da revisión do plan xeral de ordenación municipal achegados ó expediente, interprétase que a protección das fichas nº15 - B14 (bis) do elemento catalogado "xardín/valo" e ficha nº15A - B14 (bis) do elemento catalogado "xardín/valo e biblioteca", interprétase que non inclúe a parcela de equipamento privado definida no polígono de SUNC 8 e resultante do proxecto de compensación aprobado por acordo núm.2653 da Xunta de Goberno Local de 03/04/2006. sendo tamén o criterio plasmado no Estudo de Detalle aprobado para o referido polígono 8 previo informe favorable da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Segundo.**- Dar traslado do presente acordo á sociedade interesada con indicación de que de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por por fin á vía administrativa** contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.\_ Non se producen.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.